



## ROGO PARA A REPARACIÓN DA ÁREA DE ESTACIONAMENTO DE SAN LÁZARO E O CONTORNO DO CENTRO DA ASOCIACIÓN "SARELA"

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte **ROGO**:

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A falta de resposta habitual por parte do Grupo de Goberno ao conxunto das iniciativas da oposición, e de maneira máis acusada aos simples rogos que se lle formulan, fai que presentemos unha solicitude que xa lle foi trasladada no transcurso da sesión plenaria do pasado mes de maio. Daquela, o Grupo Municipal Socialista facíase eco da inqueda da veciñanza e das persoas usuarias da área de aparcamento situada na confluencia da rúa San Lázaro e Clemente Fernández Sarela, fronte ao edificio da Consellería de Medio Ambiente e a carón da glorieta alí existente.

Como era de esperar, despois de oito meses sen actuar, a situación empeorou, aumentando os estragos na celosía do solo e cunha maior afectación aos bordos que delimitan este espazo coa beirarrúa pola que, cómpre non esquecer, transitan - ademais da veciñanza e das moitas persoas que traballan ou fan xestións nese contorno- os peregrinos e peregrinas que fan o Camiño francés.

Trátase, pois, dun punto de gran importancia, non só polo servizo que presta, senón pola imaxe que ofrece nunha das principais entradas da cidade.

Na mesma liña, queremos facerlle chegar ao Goberno a necesidade de actuar nas inmediacións do Centro que a Asociación de Dano Cerebral de Compostela "Sarela" ten na rúa Pedro Cabezas González, na zona de Traspaxonal, cuestión que nos foi transmitida tanto por persoas que alí traballan, como por persoas que por alí transitan.

En consecuencia, presentamos o seguinte rogo:

***Que por parte do Concello se dean as instrucións precisas para acometer, de forma inmediata, a reparación do acceso á área de aparcamento de San Lázaro, situada enfrente da Consellería de Medio Ambiente, así como a mellora dos accesos ao Centro que a Asociación de Dano Cerebral de Compostela "Sarela" ten na rúa Pedro Cabezas González, na zona de Traspaxonal.***

Santiago de Compostela, a 4 de xaneiro de 2017.

María Corral López  
Concelleira do Grupo Municipal Popular